

Amigas e amigos.

Convocámonos hoxe para apresentarllles o libro *As tecedeiras do fume. Historia da fábrica de A Coruña*, do profesor Don Luís Alonso Álvarez, Catedrático da Universidade da Coruña.

Sempre é fermoso poder editar un anaco da vida interior da cidade na que decorre o existir de quen lles fala. Máis fermoso aínda é poder ler, como na liña da vida, das mans da cidade de A Coruña, a súa historia, as pulsións, os latexos que o seu ser social, foi acrisolando en todos e cada un dos seus edificios, foi escrebendo en cada un dos seus habitantes.

A historia da Fábrica de Tabacos é algo máis que a historia dun establecemento industrial, mesmo o maior de Galicia até o ano 1936.

Neste libro está desenvolvida co rigor intelectual a historia do movemento obreiro galego, nas mulleres, nas tabaqueiras, tecedeiras do fume, como nos di o seu autor cun fermoso e poético título. Teceron páxinas e páxinas da historia desta cidade.

Que foi a vanguarda de tantos feitos fundadores da historia de Galicia e, como atoparán nas páxinas deste libro, tamén fundadores do movemento obreiro nas mans das traballadoras da fábrica de tabaco.

Neste título, como lles indicamos na lapela do libro aos leitores, o autor fai confluír a interpretación clásica do movemento obreiro coas últimas tendencias historiográficas, dando á luz as condicións de traballo e as actitudes sociais e sindicais das cigarreiras da Palloza, e as estratexias empresariais e cómo elas daban resposta ás que lles perxudicaban na súas condicións de traballo. Poderemos ollar a evolución dos espacios industriais, que determinaron a propia historia urbana de A Coruña.

Quixería aproveitar esta ocasión, co permiso do autor, para reivindicar o presente da Fábrica, para reivindicar como necesarios os seus postos de traballo para esta cidade, necesarios os postos de traballo actuais e os postos de traballo futuros, que serán os que farán vivir este anaco de Galicia que se chama A Coruña.

E para nos apresentar este libro temos con nós ao profesor Xan Carmona, catedrático da universidade de Santiago de Compostela e estudosoa da nosa realidade industrial de Galicia ao longo da Historia.

E está con nós o autor, o profesor Luís Alonso Álvarez, catedrático de Historia e institucións económicas e empresariais da Universidade de A Coruña. Ademais de este libro, ten publicado:

*Industrialización e conflicto social na Galicia do Antigo Réxime.*

*Comercio colonial na crise do Antigo Réxime en Galicia*

*Galicia e América. Economía e Historia.*

*Modernización da industria do tabaco en España, 1800-1975*

E traballa nun proxecto de investigación sobre Filipinas na etapa de dominio español.